

cia do 22 de abril, e aos servizos de inspección correspondentes.

Terceiro.-A Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, logo do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de profesorado que imparta docencia na escola de música.

Cuarto.-O centro deberá solicitar a oportuna revisión da inscrición cando teña que modificarse calquera dos datos sinalados no anexo desta orde.

Esta orde, que esgota a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 14 de xullo).

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: A Coruña.

Concello: Muros.

Localidade: Muros.

Enderezo: San Xosé, s/n.

Código do centro: 15032637.

Titular: Concello de Muros.

Denominación: Escola de Música Municipal de Muros.

Orde do 18 de abril de 2007 pola que se aproban as bases e se convocan premios á innovación educativa para o profesorado de centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos, para o ano 2007.

A eficacia da educación depende en gran medida da capacidade de renovación do profesorado e do sistema educativo, de adecuarse ás novas demandas sociais, ás circunstancias sempre cambiantes do alumnado, aos novos coñecementos científicos e didácticos e aos correspondentes métodos e instru-

mentos utilizados que potencien o achegamento do sistema educativo á realidade social. A innovación e a investigación sobre a práctica docente é unha das canles de perfeccionamento do profesorado e de mellora da práctica educativa. Neste marco faise necesario impulsar a innovación educativa e recoñecer o traballo realizado polo profesorado que, individual ou colectivamente, está a levar adiante prácticas educativas innovadoras.

Por isto, a través desta convocatoria preténdese fomentar o desenvolvemento de experiencias innovadoras e de materiais educativos que supoñan a utilización de ferramentas propias da sociedade da información na práctica educativa, incentivando o seu profesorado.

En consecuencia, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta orde é a convocatoria de vinte e cinco premios á innovación e investigación educativa nas seguintes modalidades:

a) Premios a experiencias educativas que supoñan innovacións metodolóxicas e didácticas sobre calquera área e sobre a organización dos centros docentes.

b) Premios a materiais ou recursos dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, a materiais relacionados co plurilingüismo destinados á utilización nas seccións bilingües e a materiais relacionados co ámbito científico-tecnolóxico-matemático.

Artigo 2º.-Número de premios e dotación económica.

Os premios aos que se alude no artigo anterior estarán dotados economicamente segundo a seguinte distribución en categorías por cada unha das modalidades:

Modalidade A.

-Un primeiro premio de 3.000 euros.

-Dous segundos premios de 1.500 euros.

-Dez terceiros premios de 1.000 euros.

Modalidade B.

-Dous premios de 2.000 euros a materiais dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

-Cinco premios de 1.000 euros a materiais relacionados co plurilingüismo destinados á utilización nas seccións bilingües en educación primaria e secundaria.

-Cinco premios relacionados co ámbito científico-tecnolóxico-matemático coa seguinte distribución:

a) Un primeiro premio de 2.000 euros.

b) Dous segundos premios de 1.500 euros.

c) Dous terceiros premios de 1.000 euros.

A cantidade total destinada a estes premios é de 32.000 euros, e o seu pagamento farase con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.423A.640.1 dos orzamentos de 2007.

Os premios poderán ser declarados desertos. Con carácter excepcional e por acordo motivado do xurado, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá determinar a redistribución da contía de premios declarados desertos entre algunha das outras categorías e modalidades da convocatoria.

Artigo 3º.-Destinatarios.

Poderá participar nesta convocatoria, a título individual ou en grupo, o profesorado que desenvolvese as experiencias que presenta no curso 2006-2007 en centros educativos sostidos con fondos públicos.

Artigo 4º.-Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes para as dúas modalidades comeza o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e finaliza o 15 de setembro de 2007.

Artigo 5º.-Presentación de solicitudes e documentación.

Para a participación nesta convocatoria, será necesaria a presentación de:

a) Instancia dirixida á directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, asinada polo autor/a ou, se é o caso, polo coordinador/a responsable do grupo de traballo segundo o modelo que figura no anexo I.

b) Certificación do director/a do centro educativo onde estea destinado cada docente, acreditativa de que o autor/a ou cada membro do grupo presta os seus servizos como persoal docente no devandito centro ou de que estivo destinado neste durante a realización da experiencia. A dita certificación, que deberá incluír o DNI dos participantes, redactarase segundo o modelo que figura no anexo II.

c) Declaración xurada ou promesa de estar en posesión dos dereitos de publicación, distribución e uso da totalidade da experiencia, materiais ou produtos presentados, de que son inéditos ou, polo menos, non foron comercializados, e de que non foron premiados ou se obtivo bolsa por eles con anterioridade, nin sufragados pola Xunta de Galicia ao abeiro doutros programas, segundo o modelo que figura no anexo III.

d) Cada participante debe achegar unha copia compulsada do seu DNI e unha certificación bancaria de que é titular da conta declarada na solicitude.

e) Autorización, se é o caso, para o uso de imaxe de menores segundo o modelo que figura no anexo IV.

f) No caso de que os autores non dispoñan da plena titularidade dos dereitos do traballo presentado terán que achegar un escrito asinado polos posuidores deses dereitos declarando a aceptación das bases deste concurso.

g) Memoria descritiva da experiencia.

h) Material que presenta, en soporte óptico (CD-ROM).

i) Nas dúas modalidades, a documentación -anexas así como a memoria (modalidade A) e material (modalidade B) presentaranse en sobre pechado no rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que se envíe por correo certificado, a documentación que deberá xuntarse co traballo terá que ser datada e cuñada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

De conformidade co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando non se achegue a documentación exixida, as persoas interesadas serán requiridas para a súa presentación nun prazo máximo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación efectuada.

Artigo 6º.-Características da memoria descritiva.

1. Para a modalidade A, presentaranse 2 copias: unha en soporte óptico (CD-ROM) e outra en papel, coa memoria descritiva da experiencia educativa, cunha extensión máxima de 33.000 caracteres (espazos incluídos). A súa estrutura axustarase ao seguinte esquema:

a) Portada: título, centro, autoría, sinopse do traballo en 4 liñas, delimitación do campo de traballo (ciclo, cursos, áreas ou materias).

b) Índice con ligazóns activas.

c) Guía didáctica: xustificación, obxectivos, contidos, metodoloxía, temporalización, organización de espazos e de tempos, actividades, plan de avaliación (indicadores e incidencia na práctica educativa).

d) Mecanismos establecidos para a coordinación, no caso de participantes de varios centros.

Poderanse presentar no soporte que se considere oportuno, preferiblemente en soporte óptico, outros materiais complementarios (escritos, gráficos, audiovisuais, etcétera).

2. Para a modalidade B, tamén se presentarán dúas copias, ambas as dúas en soporte óptico. A memoria dos traballos presentados por esta modalidade deberá recoller as seguintes especificacións:

a) Portada: título, centro, autoría, sinopse do traballo en 4 liñas, delimitación do campo de traballo (ciclo, cursos, áreas ou materias).

b) Índice con ligazóns activas.

c) Guía didáctica en que se expoñan os obxectivos educativos que se pretenden, os aspectos curriculares en que se incide, a metodoloxía e as orientacións didácticas, as actividades que se propoñen e os recursos de avaliación para o alumnado, con mención aos medios para achegar reatualización ás aprendizaxes no proceso avaliativo.

d) Guía detallada da utilización do material polo alumnado.

Poderanse incluír outros materiais complementarios que se consideren de interese.

Artigo 7º.-Requisitos xerais das experiencias e dos materiais.

1. As experiencias e materiais que se presenten por calquera das dúas modalidades recollidas deberán reunir os seguintes requisitos xerais:

a) Os traballos presentados individualmente ou en grupo deberán ser orixinais, non comercializados e non premiados con anterioridade.

b) Os traballos deberán ser redactados e presentados en lingua galega, agás as actividades e contidos directamente dirixidos ao alumnado que versen sobre as materias de lingua castelá e literatura, que poderán estar en castelán, e de lingua estranxeira, que poderán estar no idioma estranxeiro obxecto do traballo. Tamén poderán redactarse en lingua estranxeira as actividades e contidos directamente dirixidos ao alumnado destinados á utilización nas seccións bilingües en educación primaria e secundaria. En todo caso, a memoria descritiva deberá estar obrigatoriamente redactada en galego.

c) Deberán ser traballos experimentados nas aulas e supoñer innovacións curriculares, metodolóxicas ou organizativas, así como ser coherentes coa normativa establecida pola Xunta de Galicia.

d) O material presentado non poderá incluír publicidade de empresas, produtos ou servizos comerciais.

e) Os materiais presentados en que aparezan menores deberán acompañarse obrigatoriamente da correspondente autorización (anexo IV) para uso da súa imaxe asinada polos pais, tutores ou representantes legais dos menores.

f) En todos os materiais educativos eliminaranse os estereotipos sexistas ou discriminatorios e fomentaranse o igual valor de homes e mulleres.

g) No caso de que os autores non dispoñan da plena titularidade dos dereitos do traballo presentado terán que achegar un escrito asinado polos posuidores destes no que aceptan as bases deste concurso. O feito de que un produto necesite para o seu funcionamento e libre distribución software propietario-comercial e/ou dereitos que non poidan ser cedidos polo concursante será motivo suficiente para a súa exclusión do concurso.

2. Os materiais presentados pola modalidade B versarán sobre contidos curriculares das diferentes áreas e niveis educativos non universitarios. Entregaranse por duplicado en CD-ROM e incluírán os códigos fonte.

Co fin de facilitar a publicación na web, recoméndase consultar a “Guía de boas prácticas para a publicación en web”, dispoñible no Portal Galego de Contidos Educativos no enderezo http://www.edu.xunta.es/contidos/guia_boas_practicas/.

Artigo 8º.-Comisión de selección.

As experiencias e materiais presentados que se axusten a esta convocatoria serán valorados por unha

comisión presidida pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue, e integrada polos seguintes vogais: a subdirectora xeral de Ordenación Educativa; a xefa do Servizo de Ordenación e Innovación Educativa; o xefe do Servizo de Formación do Profesorado; cinco asesores ou asesoras do Servizo de Ordenación e Innovación Educativa, un dos cales actuará como secretario/a con voz pero sen voto.

A comisión, se é o caso, poderá contar co asesoramento de especialistas, así como con informes da inspección educativa e/ou dos centros de formación e recursos, solicitados previamente pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Artigo 9º.-Criterios de valoración.

En cada unha das modalidades a comisión seleccionará os traballos tendo en conta os seguintes criterios:

Modalidade A:

-O carácter innovador ou integrador de prácticas educativas novas, eficaces e sustentables.

-A calidade da investigación ou avaliación previa que lle dea fundamento ao traballo.

-A incidencia na mellora da práctica docente e na calidade da educación.

-A adaptación do traballo ao alumnado, ás súas necesidades e capacidades, tomando en consideración a variedade de situacións educativas persoais e sociais.

-A calidade do deseño didáctico, materiais e presentación gráfica.

-A transferibilidade a outros contextos educativos para a súa utilización por outro profesorado e alumnado do mesmo nivel, etapa ou curso.

-A capacidade para ser difundido.

Modalidade B:

Ademais das exixidas na modalidade A, deberán ter en conta o seguinte:

-A axuda que presenta á resolución de problemas didácticos concretos dunha área ou materia.

-A adaptación á realidade galega, á súa diversidade, aos seus valores e sinais de identidade.

-O deseño pedagóxico, relevancia e volume dos contidos respecto ao total do currículo da materia, así como á cantidade de exemplos, exercicios e suxestións de diferentes aplicacións didácticas na aula.

-A estrutura do material que permita a gradación da aprendizaxe en diferentes niveis e propostas pedagóxicas que ofrezan distintos niveis de aprendizaxe.

-A facilidade de manexo, calidade do deseño gráfico e a interactividade.

-A adecuación ás últimas tecnoloxías; de ser o caso, calidade da documentación do programa; facilidade de modificación por parte do profesorado e transferibilidade aos centros educativos.

-O nivel de accesibilidade para as persoas con algunha discapacidade.

Artigo 10º. Resolución.

1. A proposta de concesión de premios emitida pola comisión elevarase á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, para a súa resolución e publicación no *Diario Oficial de Galicia*, logo da presentación polos beneficiarios da súa declaración de que a experiencia ou material presentado é inédito ou, polo menos, non foi comercializado, e de que non obtivo ningún premio desde que se presentou a esta convocatoria.

2. Contra esa resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. As solicitudes entenderanse desestimadas se non fosen resoltas no prazo de tres meses unha vez finalizado o prazo máximo de presentación de solicitudes.

Artigo 11º.-Certificación.

A Administración Educativa recoñeceralle ao profesorado autor dos traballos premiados, mediante expedición de certificado persoal, as actividades de innovación realizadas no marco desta convocatoria. Tales traballos terán, ao abeiro do artigo 28 da Orde do 1 de marzo de 2007 pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e innovación e das titulacións (DOG do 11 de abril), a consideración de actividades de formación permanente do profesorado.

Así, aplicarase para cada premio a equivalencia de 20 horas, que nas autorías colectivas (catro persoas como máximo) se distribuirán, segundo as porcentaxes declaradas na solicitude, entre o profesorado para o que se declare unha participación igual ou superior ao 25%, cunha certificación individual non inferior a 10 horas.

Artigo 12º.-Pagamento dos premios.

1. O pagamento do importe correspondente aos premios farase por transferencia bancaria a nome do autor ou autora se o traballo é individual. No caso de que sexa colectivo (catro persoas, como máximo), o pagamento faráselles a todos os integrantes do grupo segundo as porcentaxes de participación declaradas na solicitude.

2. Os premios estarán suxeitos á retención fiscal correspondente.

3. Os destinatarios/as dos premios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 13º.-Difusión e publicación das experiencias e materiais.

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dos dereitos de edición.

No caso de que os autores decidisen publicar por outras vías os traballos premiados, deberán solicitar o permiso correspondente á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. De ser a resposta positiva, na publicación deberá constar expresamente o premio de que foi obxecto.

Os autores/as quedarán comprometidos a realizaren as modificacións precisas nos documentos finais e/ou subministrar os ficheiros de código fonte necesarios para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis adecuado.

Artigo 14º.-Retirada da documentación.

Os interesados ou os seus representantes poderán retirar a documentación das experiencias e materiais non premiados na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa no prazo de catro meses a partir da publicación da resolución de concesión desta convocatoria no *Oficial de Galicia*. Transcorrido o citado prazo, procederase á súa destrución, agás os que sexan obxecto de recurso.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Delegación de competencias.

Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar as disposicións necesarias no desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Recursos.

Contra esta orde poderase recorrer, mediante o recurso potestativo de reposición, perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación. A orde tamén poderá ser directamente impugnada ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO PREMIOS Á INNOVACIÓN EDUCATIVA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED313E	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

O profesorado e/ou alumnado que figura na seguinte relación solicita a súa participación no concurso convocado pola Orde do _____ da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (*) na modalidade (marcar a que corresponda):

MODALIDADE A MODALIDADE B

TÍTULO DO TRABALLO

COORDINADOR/A - PERSOA DE CONTACTO

APELIDOS	NOME	NIF	NRP
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONTA CORRENTE PERSOAL	BANCO	SUCURSAL	DC
CÓDIGO DA CONTA		CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
CENTRO EDUCATIVO		CÓDIGO DO CENTRO	
CORREO ELECTRÓNICO PERSOAL		PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN	

OUTROS/AS PARTICIPANTES

APELIDOS	NOME	NIF	NRP
CONTA CORRENTE PERSOAL		PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN	
CENTRO EDUCATIVO		CORREO ELECTRÓNICO PERSOAL	
APELIDOS	NOMBRE	NIF	NRP
CONTA CORRENTE PERSOAL		PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN	
CENTRO EDUCATIVO		CORREO ELECTRÓNICO PERSOAL	
APELIDOS	NOME	NIF	NRP
CONTA CORRENTE PERSOAL		PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN	
CENTRO EDUCATIVO		CORREO ELECTRÓNICO PERSOAL	

_____, de _____ de _____

Sinatura dos/as participantes

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do art. 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 18 de abril de 2007 pola que se aproban as bases e se convocan premios á innovación educativa para o profesorado de centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos, para o ano 2007.

SINATURA DO SOLICITANTE

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO ECONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

ANEXO II

MODELO PARA CERTIFICAR A PERTENZA AO CENTRO DO AUTOR/A OU COAUTORES/AS

Don/Dona como director/a do centro
 da localidade de
 Código

CERTIFICO
 Que as persoas que figuran a continuación teñen vinculación con este centro, como profesorado deste durante o curso académico 2006/2007.

Nome: NIF:
 Nome: NIF:
 Nome: NIF:
 Nome: NIF:

_____, de _____ de _____

SINATURA E SELO DO CENTRO (*)

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do art. 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

ANEXO III

MODELO DE CERTIFICADO DE ORIXINALIDADE

Don/Dona NIF:
 Don/Dona NIF:
 Don/Dona NIF:
 Don/Dona NIF:

DECLARAN
 Estar en posesión dos dereitos de publicación, distribución e uso da totalidade da experiencia, materiais ou produtos presentados; que o traballo presentado é orixinal, non comercializado nin premiado con anterioridade; que posúen os dereitos e licenzas necesarios de uso e de reprodución do código, texto, imaxes, fontes tipográficas e recursos multimedia incluídos nel.

AUTORIZAN
 A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, no caso de resultar premiados, a que reproduza, publique ou aloxe nos seus servidores de información o traballo presentado.

_____, de _____ de _____

O AUTOR/OS AUTORES
 SINATURA (*)

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do art. 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

ANEXO IV

SOLICITUDE DE PERMISO PARA UTILIZAR A IMAXE DE MENORES (*)

Don/Dona con NIF

e con domicilio en da localidade de

código postal Provincia pai/nai/titor de

alumno/a do centro con DNI⁽¹⁾

AUTORIZA ao equipo de traballo coordinado por don/dona

á publicación da imaxe do seu fillo/a e á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no caso de resultar premiadados, a que reproduzca, publique ou aloxe nos seus servidores de información o traballo presentado.

Este material didáctico, de carácter universal, gratuito e aberto, está exclusivamente suxeito a un uso educativo e non comercial. As accións e produtos derivados da súa utilización non poderán, en consecuencia, xerar ningún tipo de lucro.

_____ , de _____ de _____

SINATURA

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do art. 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

(1) No caso de que o teña.

Orde do 2 de maio de 2007 pola que se convocan axudas económicas dirixidas ás asociacións e fundacións con fins pedagóxicos e sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, para a realización de actividades organizadas co alumnado e coas familias da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2007, e se aproban as súas bases reguladoras.

O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como un dos principios da educación o esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade para asegurar unha educación de calidade con equidade.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 31, a súa competencia plena para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias e sen prexuízo do disposto nos artigos 27 e 149 da Constitución española.

As continuas e variadas demandas que a sociedade fai ao sistema educativo para a educación e a formación dos futuros cidadáns fan que a escola agradeza cada vez máis a concorrencia colaborativa doutras institucións para optimizar o seu labor. As asociacións e fundacións poden contribuír a satisfacer esas demandas coa organización e execución de activida-

des educativas que teñan como destinatarios o alumnado e as súas familias.

Esta orde ten a finalidade de apoiar e potenciar a realización de actividades por parte das asociacións e fundacións con fins pedagóxicos, mediante a subvención dos gastos ocasionados polas actividades realizadas co alumnado e coas familias. Tamén é preciso ter en conta que estas asociacións e fundacións deben dispor dunha infraestrutura administrativa básica para afrontar a realización das súas actividades, polo que se considera oportuno destinar unha parte das axudas a subvencionar os gastos de funcionamento desta infraestrutura.

Na súa virtude, esta consellería

DISPÓN:

1. Obxecto.

Convócanse, en réxime de concorrencia competitiva, axudas económicas para a organización, durante o ano 2007, de actividades de formación, complementarias ao ensino regrado, organizadas por asociacións e fundacións con fins pedagóxicos e sen ánimo de lucro, dirixidas ao alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos e ás súas familias, e para sufragar parte dos gastos de infraestrutura administrativa básica necesaria para afrontar a realización destas actividades.

Quedan excluídas desta convocatoria as federacións, confederacións e asociacións de nais e pais de